



primavera

feira norte do regalo

Camiño da Igrexa 38
15009 A Coruña
Tel. 981 280 232
Fax 981 133 569

www.primaveranorte.com
correo@primaveranorte.com

Estimado/a amigo/a:

Comprácese facerche chegar as condicións de participación e o formulario de solicitude da séptima edición de **Primavera, a Feira Norte do Regalo** que se vai celebrar en Santiago de Compostela os días 13, 14 e 15 de abril próximo (venres a domingo).

Esta feira está dirixida exclusivamente a compradores profesionais, tendas de regalo e decoración, grandes almacéns, institucións, empresas, decoradores, entidades, etc.

Primavera está organizada pola Asociación Galega de Artesáns en convenio ca Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, e supón unha aposta decidida para conquistar unha maior penetración no mercado profesional para os produtos artesáns.

Os prezos de participación e as facilidades de montaxe, con mobiliario deseñado expresamente (pódense ver fotografías e utilización na web da feira), permiten que, en moitos casos, os expositores so teñan que preocuparse do transporte dos seus produtos.

Primavera é a iniciativa de comercialización pensada para a artesanía, máis importante de España nestes momentos. A maioría dos expositores que teñen participado nas anteriores edicións, confirman que este é o formato de feira necesario para o sector.

Si non coñeces a feira e desexas recibir o catálogo da última edición, ponte en contacto con nós por correo electrónico, teléfono ou fax, e faremoscho chegar gratuitamente nos próximos días.


Podes atopar información adicional, fotografías e listados de expositores de edicións anteriores na nosa web: www.primaveranorte.com

As solicitudes de participación deberán de enviarse preferentemente con antelación ó día **8 de marzo**, aínda que se admitirán expositores con posterioridade no caso de que se dispoña de espacio.

Estamos á túa disposición para calquera consulta no teléfono (+34) **981 280 232**, de luns a venres e de 8 a 15 h.

Esperamos verte en **Primavera**. Ata ese momento, recibe un cordial saúdo.

A Coruña, 20 de xaneiro de 2007



Manuel González Arias
Comité executivo